

PREDICADO VERBAL:

Le a páxina 152 sobre o predicado verbal e os complementos deste tipo de predicado.

Recorda: O predicado nominal é o que ten o verbo *ser*, *estar* ou *parecer*. Estes tres verbos chámanse verbos copulativos.

O resto de verbos (verbos predicativos) forman un predicado verbal.

O predicado verbal pode presentar 3 complementos: o Complemento Directo, o Complemento Indirecto e o Complemento Circunstancial.

O Complemento directo: responde á pregunta *que?*

Por exemplo: Marta comprou bombóns.

Que comprou Marta? Bombóns. Bombóns é o complemento directo.

O Complemento indirecto responde á pregunta *a quen?* Ou *para quen?*

Por exemplo: Marta comprou bombóns para a súa nai.

Para quen? Para a súa nai. Para a súa nai será o complemento indirecto.

O Complemento circunstancial responde ás preguntas:

Onde? Se é de lugar

Cando? Se é de tempo

Como? Se é de modo

Canto? Se é de cantidade

Por que? Se é de causa

Con que? Se é de instrumento

Con quen? Se é de compañía.

Unha oración pode levar máis dun complemento circunstancial.

Por exemplo: Onte Marta comprou uns bombóns para a súa nai na tenda da esquina.

Cando? Onte

Onde? Na tenda da esquina.

Onte e na tenda da esquina son complementos circunstanciais, o primeiro de tempo e o segundo de lugar.

Fai os exercicios 2, 3, 4 e 5 da páxina 153.